

Frente Popular

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

PRIMADEIRAS

Acaróasenos unha primadeira nova. Dinolo a morneza do sol, dinolo o aleteio da anduriña proela, dinolo o aínda atoutiñante reverdescer da follaxen.

De primadeira política non temos nuncio ningún. Abondan acenos e carantoñas; pero inespresivos por reve lidos. Revellidos, digo, non vellos. Incapaces até de cumprir o categórico imperativo de Krong-Tsé renovando arreo a súa vellice. Poida que fose o mellor xeito de ser novo: ser vello, máis vello aínda e cada día máis vello.

Dise que anda agora a agromar o noso Ideal; máis aínda non-o di o sol, nin a anduriña, nin a follaxen. Emporiso o escepticismo alonga un sorriso tránsigo.

Deica hoxe viñemos decorrendo unha invernía longa. Conociáse ben na moitedume de cántigas. O inverno e a tempada máis nusegal. Tecolexa a choiva na seroxa e nos vidros das fiastras; bate como unha zanfoña o mar bravo nos respetos cons da ribeira; tenta no punteiro dos romaxes esperidos o corisco larafuzalleiro e nas reganduxas das portas. No violonchelo dos canles escorre cantareiro o cristiño arco das augas lizgairas.

A invernía é a tempada dos sons coma o vrán é o das córes.

Aínda non-o di a morneza do sol, nin o aleteio da anduriña, nin o reverdescer da follaxen; máis barrúntase a proisimidade da nosa primadeira, porque a invernía xa foi longa d-abondo e n-ela non dimos tregola á choiva xermoladora. Quedará gallo de raíz que non esteña humido do noso cantar... ¿Catáredes, beizos nosos, o zume do froito tanto tempo ben cobizado? Embora, si, ollos nosos, chegades a ollar o gromo belido e rescendente!

Unha primadeira máis imos conquistar na ruleta do zodiaco. Ganará novas cereixas a cerdeira e novas mazás penduraran nas ponlas do pomar. Foi sempre o mesmo, sen que autoricen os avances da inxerxoloxía a matinar que non será en valuto lle pedir as sabrosas urracas ao ulmeiro.

Morneza de sol, aleteio de anduriña e verdor de follaxen é a nosa fé. Vencedora de dez séculos de inxertos, frolecerá sempre, con renovada vellice, a vella tradición da Galicia en reiteradas primadeiras.

MARIÑAS DEL VALLE.

Poderá pasar todo. O que non poderá suceder é que se volva, en Galicia, ao pasado.

Temos a esperencia do fracaso da política realizada na nosa Terra nos primeiros anos da República. ¿Non chega?

FENESTRA

Non era certo aquilo que se dixo de que o Partido de Centro era unha cousa circunstancial amañada dende o Poder. Xestouse nas outuras pero xa desceu ao chán.

Acaba de celebrar a súa primeira asamblea pol-o visto con gran cantidade de afiliados e representantes. Estes concederon ao señor Portela carta branca para nomear o resto do Consello directivo. Ao mesmo tempo fíxose o bautizo—ou inscrición no Rexistro Civil—pol-o que resulta que lle engadiron a verba «Nacional». Partido Centro Nacional Republicano.

Denominación que garda unha enorme semellanza co outro partido tamén chamado Nacional Republicano, xestado non no Poder pero si nas outuras imaxinativas do señor Sanchez Román. Deberá entablarse un pleito arredor do nome que ganaría—naturalmente—o campeón da xuridicidade. Non se entablará. O señor Rodríguez Pérez e o señor Iglesias Corral—dous bons abogados que teñen un pé n-un partido e o outro no outro—encarregaránse do xuício de conciliación.

O señor Portela aparece, pois presidindo un partido nacional. Pódería interpretarse isto como unha deserción dos seus compromisos autonomistas e galeguis-

tas. A súa historia e actuación na política galega non será incompatible coa dirección d-este novo partido hespañol. O señor Portela cando era liberal de García Prieto soupo compaxinar as dúas persoalidades. Hespañola e galega. Agora non ten por que non suceder o mesmo.

O d-este partido é un caso único na historia da política hespañola. Primeiro fixo os dipudados, o Consello directivo. Agora, para compretarse, vai en busca dos afiliados cotizantes. Demostración de cómo se pode construír un edificio comenzando pol-o ramo e rematando nos cimentos.

No Consello Nacional figuran republicáns tan prestixiosos e auténticos como os señores Armiñan e Natalio Rivas. E logo o señor Rico Avello estadista insiñe de cujos relevantes méritos non é mester falar aquí.

O que se nota é a falla de unha representación galega. O feito de que o señor Portela o presida non abonda. Ademais, debía figurar en nome de Galicia un representante das masas que na nosa terra integran o partido. Masas de cuia existencia ninguén pode dudar despois do resultado electoral e dos votos que tiveron os candidatos centristas.

Non sería por falla de nomes de prestixio. Iglesias Corral, Ro-

Asociación de Escritores Galegos

Aquela vella idea—comenzada no día da morte do inquescente Lousada Dieguez—de crear unha Asociación de Escritores galegos, va xa camiño de ser unha realidade.

Antón Vilar Ponte resucitará novamente a idea e Alvaro das Casas fixoa impulsar co seu entusiasmo. Arestora están adheridos a ela a maior parte dos que en Galicia adican a súa pruma á defensa da nosa Terra en todol-os seus aspectos. Non fica fora da xa existente Asociación ningún dos conocidos escritores galegos.

Mañán en Compostela celebrarase a xuntanza de todos para lle dar existencia real e orgaizada á vella idea.

O espírito de Antón Vilar Ponte presidirá a xuntanza. Será un dos primeiros acordos—despois de unha lembranza emocionada ao Mestre que marchou—o rendirle pol-os escritores galegos un homaxe, ao que Galicia enteira sumarase.

A NOSA TERRA está presente tamén na xuntanza. E olla con fonda simpatía i-entusiasmo o frolecemento da idea que xa é unha vizosa realidade.

Agardamos moito d-esta entidade a prol da axuda no rexurdimento espritoal e material de Galicia.

Unha gran cousa a facer polos dipudados galegos: Intentar a denuncia dos Tratados co Uruguai e Arxentina.

driguez Pérez, Pita Romero, Salgado, López Varela e tantos outros. Non citamos a Alexandro Mon porque consideramos que as súas barbas, que tanto nos recordan ao Negus de Abisinta, desentonian d-abondo coa brancura da cabaleira do señor Portela.

Por outra parte un partido como éste debe buscar nas súas figuras dirixentes certo simbolismo para que se refrexe ben a súa psicoloxía. E tendo en conta isto o nome indicado para representar a Galicia non debiera ser outro que Fernando Ramos.

PROELES

Federalismo Internacional

Nistes momentos pavorosos porque atravesamos o mundo, os vellos Estados capitalistas—perdido todo noble sentimento de pudor—embórcanse en novas empresas de imperialismo, aducindo seniles argumentos e pretextos turbos. As institucións espoñentes das relacións internacionais—namentras que en Xinebra se realizan asambleas pacifistas—resúmense en mariña militar, exércitos permanentes, fortificacións, espionaxe, diplomacia, protectorados, guerras, conquistas, equilibros políticos. A atrofia do sentimento de xus icia internacional, baseado no acatamento das tábroas da lei de todol-os pobos, sigue sendo a claridade d-un programa.

Aquela nova metafísica, que foi o andamiaxe sociolóxico e que derubóu con outra fisonomía os rancios cánones da antiga filosofía da historia, sentenciara, fechando os ollos á realidade, que o militarismo en xeral e a guerra en especial, particularmente a de conquista, non poderían ser en adiante posibles sinón como derradeiras manifestacións dos intreses dinásticos. Esa nova metafísica fallou por enteiro, e hoxe ollamos ás grandes ententes, donas da política do mundo, vivir unha paz que non nos deixa tranquilos; que nos téen continuamente preocupados; que desangra aos pobos cos formidables gastos pra armamentos de mar e terra, e que estoirá trecebunda e lúgubre calqueira día no meio dos campos da Europa pra afogar de novo en ríos de sangue millóns de vidas nas que asentar sonos hexemónicos.

Contra diste porvir dramático non poden rex as pequenas nacións contrafeitas ou desartig adas pol-o imperialismo actuante. Os Estados que o representan queren impedir a toda costa que aquelas conquiran as súas libertades a fin de que as actuaes supernacións non fiquen niveladas e se non atente ao seu pre 'omiño fundado na prepotencia e na inxusticia.

Pero é que a única solución pacifista de fonda permanencia, non poderá residir endexamáis máis que niso: unha completa desfeita dos Estados históricos e imperialistas. Unha proclama xusta dos dereitos dos pobos, recoñecendo as súas características naturais e diferenciadas. Un *Federalismo Internacional*, constituído sobor da base das pequenas nacións. Verdadeira, auténtica democracia internacional que conduciría ao mundo pol-os vieiros d un rexurdimento avanzado e progresivo. Velahí a consiña: Federación Ibérica. Zolverein europeo. Federalismo Internacional.

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

ABRENTE

O espírito galego, d-este século vinte, sinueu o salaiar da fermosa Galicia; pasou follas da Historia, recordou tradicións, e veu, a Rosalía, chorando pol-a terra; a Pondal e Añón, que invitaban a loita; aos outros Precursores cantando as doores, que a xente galega, constante padeceu. Mirou, erguerse ao Ceo cal pedindo venganza, un momento eirixido aos mortos, defendendo súa facenda e seu pan. Escoitou con anoto, a Antolín Faraldo, e ollou colgado o corpo do bravo Mariscal. E concibeu o espírito, o máis nobre ideal: erguer a nosa Terra, que fica asoballada, pol-a mán estranxeira, do Goberno central.

E escomezou a loita, espuxo súa idea no campo e na cibdá; con ele iban os mozos, con ele iban os vellos, sonaba xa a hora, de chegar para Galicia, a fada Liberdá. Pro unha Dictadura, persigueuno de Morte, fixo imposible a loita, e todo se acabou...

E no albor da República, apares-

ce o espírito, e chama á xente moza outra vegada máis: ¡Irmáns, a Terra nosa persigue escravizada, fan falla vosas forzas para salvar a Nail...

E nós, ouvimos todos de novo os seus leidos, i-eiqui estamos xa, despostos a vengar, aos mártires que foron, por querer conquistar, da Pátria a liberdade.

E xuntos co ese espírito, erguemos a bandeira, e berramos, encheitos nosos peitos de anxeios. ¡Irmáns ¡ergueivos! que a nosa Pátria morre, que a inxurian e firen unhas máns extranxeiras!

E nisa nobre loita, xuntámonos xa todos: os homes coas mulleres, en alegre cantar; recordamos aos bardos que choraron aos mártires groriosos que ofrendaron a vida, diriximos a vista cara o Ceo, onde está a inmortal Rosalía, e berramos con bágoas nos ollos e voz conmovida.

¡GALICIA HA SER CEIBE, POL-O AMOR DOS SEUS FILLOS!...

MANUEL FABEIRO GOMEZ.

As ambicións partidistas e menos aínda as persoas, deben impórse. Eso sería unha traición ao pobo que deu o trunfo ao Frente Popular. Unha traición ao que representou o 16 de Febreiro. Unha traición a Galicia. Unha traición a República.

Os ambiciosos—e por tal traidores—non caben na política que o pobo quixo nascera o 16 de Febreiro.

Antón Vilar Ponte

Con Antón Vilar Ponte fóisenos aos mozos nacionalistas o irmán bon e intelixente que coa súa honradez e co seu amor a Terra e aos humildes, i-anos marcando o camiño da perfeición e do renunciamento, que conducen a paraxes soio asequíbeles aos escolleitos.

Eu coñecía a Vilar Ponte ao traves de artigos e libros, pro ñoraba súa voz e seus ollos. Fai un ano na IV Asamblea do Partido Galleguista e II de F. M. G., vin ao Mestre: Pasou diante de nós ante os demais persoeiros. Eispontaneamente os mozos rompemos a cantar o hino nacional. Nos seus ollos brilaron bágoas de emoción e gratitud. Diante d-il estábamos en leda arela patriótica, as novas xeneracións galegas nas que cristalizara súa laboura de sementador.

Con qué estrana ledicia ovin chorar!

Agora xa ren. Coma todo-os amados dos deuses, morreu xoven.

Coma todo-os galegos imprescindíbeles, morreu cando máis imprescindíbel era.

Pro, seipamos seguir camiñando. Que a delor da súa perda nos dé pulos pra loitar con máis fervor que nunca!

Que un día non lonxano, brilará no ceo que cobre a Terra onde o Mestre dorme seu sono de xusto, a estrela simbólica da nosaliberdade!

Meus irmáns: que a miña voz de cativo loitador, se axunte a vosa, pra chorar coma homes, pol-a morte do Bon Patriota.

EMILIO FERREIRO MIGUEZ.

Un pensamento a Antón Vilar Ponte

Saúdoche na morte, sinxelo pai galego.

Soio na vida vinche n unha eterna vegada. I-en mistura, no peito, sinto ledicia e pena. Teu nome é inmorten'e na vida de Galicia. Tua morte é un salaio da Terra e dos irmáns.

Galicia a Terra mai, gardoute no seu seo. Na vida, misioeiro da Idea limpa e sagra, foches tecendo un berce prao teu eterno sono, un berce de recordos da tua loita inxel.

A tua i-alma, lonxe das tebras d-este mundo, vagará ante as nosas cal guieiro infalibel. E-a redención da Patria gozará n-ese teu da Verdade e da Luz.

E cecais n-esa hora, no Nounon ignoto, as almas dos galegos que vagan onda ti, relembrén a Pondal seu son fervente e outo, e sintamos nas nosas, que «A vosa voz pregosa a redenzón da boa Nación de Breogán».

XELO FORMOSO.

Muros, Marzal do 1936.

Pol-a morte de Antón Vilar Ponte

Temos recibido a seguinte comunicación da «Asociación Protectora de Lenseyanca Valenciana».

Sr. Presidente del Partit Galleguista.

Honorable senyor:

En la sesión del Consell Directiu d-aquesta entitat celebrat el día 20 dels corrents, va donarse compte de la mort del malaguanyat patriota gallec, Antoni Vilar Ponte, com aixi també del telegrama a vosaltres tramés el 6 del que som.

El Consell va acordar que constara en acta el seu sentiment i que aixi fora comunicat al Partit Galleguista.

El que als afectes consequent tinc el honor de comunicarvos a l-emsems bué manifesté el meu condol particular.

Vicau mols anys del progés del redresament de les personalitats peninsulars.

Valencia, a 20 de Marc del 1936.—
R. Moroder I. Molina.

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra

AS MULLERES GALEGAS

Chega a vós a invitación cordial da Mocidade Galeguista n-ista folliña na que pómós noso corazón e noso entusiasmo refresivo. Temos a seguranza de atrager, pol-o menos, vosa simpatía. Por mulleres mozas e por galegas habedes de ler e pensar iste chamamento, sen botalo lonxe, como un papeliño calquera.

N-ista confianza o escribimos. Non foi, non podía ser inspirado por circunstancias do momento. O vivir, a aitividade, a paixón dos mozos galeguistas, alenta por motivos fondos, inspírase en ideales ergueitos e fidalgos. Soio iles poden guiar a unha xuventude verdadeiramente galega.

Ises mesmos sentimentos durmen en vós, mozas ourensáns. Meditade n-eles un momento, xa veredes coma deseguida o sentimento se convirte en deber, e ledicia de vós sentire galeguistas fáivos vivire unha nova e entusiasta vida.

Mozas e mozos chegamos á alborada do noso pórvir n-un momento único e dramático na historia do mundo e na historia da Galicia. Estudantes e obreiros novos térmós pra moi logo nas nosas mans o futuro da Pátria. Mil cousas desaparecen diante os nosos ollos. Temos de adoitara posición pra nosa intervención na vida. En todos os aspectos d-ela, e tamén na maneira e feitura da cultura individual de cada un de nós.

Pensando n-isto noso chamamento ha parecervos oportuno. Aínda que fagamos política—unha política de ideales, de nobreza, de creación—non nos diriximos as mozas de Ourense c-unha intención política. Galicia e o seu futuro precisan de algo máis.

Nascimos n-unha Terra fermosa e ricaz. Herdamos unha língoa musical e rexa, ilustre e nova. N-ela, na vosa língoa, mozas d-Ourense, escribiu Rosalía de Castro os versos máis belidos e saudosos que teñan frolecido en alma de muller. Noso pobo galego traballou sempre heroicamente pro tamén ten criado na súa língoa, unha parte, unha literatura, un modo de pensar e sentire. O noso, o único que pode ser noso, de corazón. Relixioso, espiritualista, artístico o espírito da Galicia está ameazado por moitos nemigos. Son de moi difrentes crases. Máis todos tenden a desfaguer noso pasado, a atogar noso pórvir, a asesinar a alma da Galicia.

Si meditates un pouco temos a seguranza de recadar algo máis que a vosa simpatía: a vosa leal colaboración.

Pois son os vosos os problemas da Galicia. Porque soio traballando por crear unha Galicia basada na tradición enxebre e armónizada coas verdadeiras esenciais do mundo podemos agardar un futuro de paz, de erguemento espiroal, de xusticia, e de amor.

Falando en galego, espallando o noso idioma, fagueredes obra de reivindicación, e poderedes alternar no mundo das ideas e da vida sen a vergoña e o remordimento de vos sentir dominadas e servas.

Loitando pol-o afirmamento da cultura e da tradición galega loitades pol-a eisaltación do espírito, pol-o trunfo da civilización ameazada.

Orgaizándovos pra axudar e ilustrar ao pobo da Galicia fomentaredes a riqueza e a paz diste pobo que debía ser ditoso e feliz e non o é pol-a pouca concencia que de seu deber teñen os que debían axudalo e ilustralo.

I-stes son os nosos principios. A eles adicamos a forza e o pular da mocidade. Son xustos, espranzados, teñen dereito a inspirar a vida de Galicia.

Han trunfado pra ben do mundo. Deben trunfar pois son os ditados da alma d-un gran pobo. Pra élo teñen de axudar as mulleres. Entramas mocidades dirixidas por o mesmo aneio han conquistar un próisimo futuro.

Non dubidamos que a vosa concencia de mozas galegas ha deixar escoitar seus mandados. Botade lonxe de vós os prexucios que aínda lixan a nosa Pátria galega. Formade na causa do ideal. Fagamos coa nosa xenerosa mocidade, na nosa legría e traballo e espranza de mozas e mozos, as bases d-un vivir fundado no amor, na cordialidade, na virtude do traballo honrado, no erguemento da Galicia que é como decir o erguemento da cultura do espírito e a confianza d-unha vida aloumeada pol-o sol da inmortalidade.

A hora é crítica. Galicia agarda. Non-a fagades sufrir máis tempo, mozas de Ourense».

Felisa F. Morais, Rosa Docampo, Luisa Cid, Olimpia Varela, María G. Quiroga, María Cordero.

As adhesións en «Federación de Mocidades Galeguistas», Grupo femenino. Lois Espada, 24.

N. da R.—Damos á pubricidade este Manifesto da Mocidade feminina de Ourense que é unha mostra do rexurdimento galeguista do momento actual. Tamén é un exemplo a imitar pol-as rapazas dos demais pobos galegos.

As mulleres galegas teñen moito que facer n-este intre a prol do rexurdimento integral da Galicia e confiamos en que a chamada das admirábeles e patrióticas rapazas ourensáns chegue a cristalizar no fin que se propoñen.

CHOREMOS CON BAGOAS DO CURAZON

Acabamos de perder un irmán; un moi distinto irmán.

Antón Vilar Ponte, morre cando todo vive. Estamos no mes da vida, da xuventude, do rexurdimento.

Todo é ledicia porque as frores empezan a deixar ollar os seus tenros e mimosiños beizos.

¡Todo é ledicia! Pero ante ista ledicia debemos chorar con bágoas do curazón, porque Vilar Ponte baixa a onde xa máis podemos ollalo, coa pruma chea de fervor en defensa da Terra, que hoxe lle sirve d-eterno apouso.

¡Ti foches o que ergueches á Terra e a Terra baixate a tí!

Descansa Antón que as fatigas foron moitas; fixeches moito; fixeches o esquema, lograches o croquis e casi termiñas a obra.

Ti eres algo que non pode morrer, porque eres o apóstol da benquerencia... eres o Apóstol da sagra irmandade.

Estou seguro que, aínda na tumba non te esqueceches d-aqueles grandes irmáns: Curros Pondal, Lousada, Viqueira, Porteiro, Amado Carballo,

Manoel-Antonio e outros máis que están na túa compañía.

Marchaches sin vel-o trunfo que é coroa do loureiro dos teus esforzos. E Morreches ao mellor dubidando de nós. Confía irmán, confía, porque solo ante unha fror pode estaxiarse aquel que, por fraxil esquencia os aldraxes que espíñan como toxo en tempos d-estío.

Marchaches para onde xamáis te ollaremos. Marchaches para a terra, porque de ela eras de todo curazón.

Irmáns que quedamos: Vilar Ponte morreu; levouno a Terra, e a Terra teno nas súas entranas, como nós temos d-isa Terra, moita na nosa i-alma, tamén temos un pedaciño do noso irmán que, vivirá con nós hasta que nós vaíamos vivir con él.

¡Adeus irmán Antón Vilar Ponte! Descansa en paz que, estás no colo da túa Terra.

M. PARDINEIRO S.

In memoriam de Antón Vilar Ponte

A morte, decote sin coore, espallóu a túa vida na terra e nas almas galegas, cando latexaba, na cume dos teus aneiros, ó carreiriño de lus e de liberdade, que *aínda* chega, despóis d-os anos, Galicia. Moisés, de cara á terra de promisión, tamén morreu do mesmo xeito. ¿Qué contido terá a realidade d-as cousas e d-as ideas, que n-él non caben os *precursores*? Chego a convencerme de que as almas, como as de Antón, non teñen medida, nin camiño trillado, solo voan e mandan, cando na xente pesa a peste da enveixa e da ruindade dos homes.

A moitedume d-as túas grorias, fixeron de Ti un símbolo. Ben morto estás. Os dioses, por certo acordo, que estas liñas calan, non queren que o home que non é como os máis, vexa o trunfo do seu apostolado na terra. Pero, a túa laboura, do xenio, espello, e da bondade, é froito, será ó guieiro na loita que temos con Castela. Os mortos, mandan.

O cimiterio do teu corpo, está na Cruña. O da túa alma, grande como as doengas da nosa Terra, soilo poden ser as almas galegas.

¡Adiós, Antón!

ANXILIÑO

Araño, Marzal 1936.

Lede A Nosa Terra

Fondo Electoral

Téñense recibido na Oficiña as seguintes cantidades que engadimos á relación xa publicada.

Varios irmáns de Ribadeo, 11'20 pesetas.

Román Martín, 15'00.

Luis Poza, 10'00.

Victor Casas, (segunda entrega) 10'00.

A Segredaria da Orgaización lembra aos Grupos e irmáns a súa derradeira circular encol do Fondo Electoral e agarda dilixencia no seu cumprimento.

CAFÉ GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

FRANCISCO Barreiro Salaño
Perito Agrícola
Santiago

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquitecto
Vigo

La Erizana

Fábrica de Aserrado de Madeiras para construcións

ESPECIALIDAD EN MACHIEMBRADOS

Forno de Cal en VIGO (Cataboy)

Dirixirse a Román Martín. - Telefono 1675

GALEGOS: Consumide CHOCOLATE fabricado en Galicia. Así defenderedes a economía da nosa Terra.

Chocolateiros galegos: Para defender os vosos intereses, os da vosa industria e os da nosa Terra, non debe haber ningún que non pertenezca a

Asociación de Fabricantes de Choclates de Galicia

¡Teu espírito anda con nosco!

¡Vilar Ponte! Minte quen diga que morreches, porque soio morren os que nunca han de voltar.

E ti, non, estás constantemente con nós, e por iso non morreches.

Teu corpo, cansado, vello e dooriado, foi buscar o acougo merecido baixo a terra de Galicia, pol-o que tanto loitaches, facendo da tua vida un apostolado, colocando o pedestal d-unha irmandade que soio soña na liberación da súa Patria asoballada: Teu corpo, si, teu corpo desapareceu: era terra e foi a convertirse en terra...

Pro o teu espírito de valente defensor da Liberdade, de cabaleiro galego, anda con nós; acompañanos nos principáis actos da nosa vida política; danos forzas n-estes intres en que tanto as necesitamos; n-estes intres en que o sono dos Poetas, vai a ser unha preta realidade. Parésceme escoitar tua voz que me dá nos ouvidos: «Será ceibe o fogar de Breogán». E serao, porque ti xa coñoces o Destiño, e alegraste de que teñan fin cumprido, tuas arelas de duas décadas.

I-estou seguro, irmán e Mestre Vilar Ponte, que cando conquiramos o trunfo, virás a decirmo, como a todos galeguistas; tua voz resoará nos meus ouvidos, como un hino sagro cantado por anxos; ouvirei en tí a Santa Rosalía, a Pondal e a Porteiro; a voz dos mártires de Carral; a do gran Mariscal, a quen perpetuados na tua excel-sa obra; a todo-os galegos que se foron pensando n-esa hora...


Irmáns: Minte quen diga que morreches: teu corpo era terra, e foise para a Terra.

Pro o teu espírito de cote anda con nós, e diranos que temos unha obriga que cumprir, que temos unha Patria que salvar, e tamén comprenderemos que temos mortos que vengar...

Ouzo tua voz, que me dá azos pra loita, que cal Pondal, me profetiza a redención da boa Nación de Breogán, e non poído menos de decir: Irmán Vilar Ponte, non morreches ¡teu espírito está con nosco!

M. FABEIRO GÓMEZ.

Muros, Marzal do 1935.



Regramento para os Grupos

Con ouxeto de facilitar a laboura dos Grupos galeguistas que están en formación e tamén para que os que aínda non esteñan constituídos con arreglo ás obrigas que determina a Lei de Asociación, publicamos a seguido un proxecto de Regramento xeral para todos os Grupos.

Este Regramento pode ser adoptado por todos ou modificado extractando d'él aqueles puntos que intrese.

Faise imprescindible necesario que todos os Grupos legalicen a súa situación e para elo deben comezar por aprobalo polo Goberno Civil da provincia.

Con ouxeto de axudar e facer os traballos necesarios a tal fin, damos as direccións dos Grupos das capitais de provincia para que cada Grupo se dirixa a eles e lles encargue dos traballos para que os Regamentos sexan aprobados nos Gobernos respectivos.

A Cruña: Irmandade da Fala, Galán 36, Lugo.—Grupo Galeguista, Miño 12, Ourense.—Grupo Galeguista, Luis Espada 24 Pontevedra.—Oficina do Partido Galeguista, Tetuán 2.

A Oficina do Partido fai especial indicación a todos os Grupos para que cumpran estas instrucións de necesidade para que todos os Grupos, novos e xa existentes, funcionen con toda legalidade.

O Regramento deberá ser escrito en castelán e remitir orixinal e copia ao Goberno para a súa aprobación, procurando que cada folla non conteña máis de 35 liñas.

Artigo 1.º Asegún os preceptos da vixente Ley de Asociación e as normas contidas n-este Regramento, constitúese en..... unha Sociedade, que se nomeará GRUPO GALEGUISTA DE.....

Artigo 2.º Iste Grupo nace como filial do Partido Galeguista, aceptando integramente a súa Declaración de Principios, o seu Programa de acción e a súa disciplina, e, conforme a eles, propónse concretamente.

a) Espertar na conciencia de todos os galegos a afirmación da personalidade de Galiza como unidade natural, con raza, lingua, historia, cultura e espírito propios, e procurar o desescolamento da mesma en todos os ordes, deica conquistar a máis completa capacitación do País galego para gobernar de seu, co fin de que poida ter a máxima eficacia a súa aportación e cultura e progreso universais;

b) Traballar a prol do recoñecemento pleno da devandita personalidade, hastra conquistar que se devolva a Galiza o dereito a rexir integramente os seus detiños;

c) Traballar pol-os ideás de federalismo internacional sobre a base das unidades naturais e principios de xustiza, procurando a substitución da actual estrutura imperialista dos Estados por outra que, garantizando o dereito dos pequenos pobos e rexirse autonómicamente e suprimindo os exércitos e os fronteiras, asegure paz e liberdades permanentes e Humanidade;

d) Defender e practicar os principios de xusticia, liberdade e democracia, e combatal-os métodos e corrupcións políticas incompatibles coa definición cidadá de Galiza;

e) Prestar axuda a todas as institucións, iniciativas e movementos de opinión relaxados cos citados fins e co estudo e resolución dos problemas sociais, políticos, económicos e culturais de Galiza.

Artigo 3.º Pra conculir as finalidades expostas e propagar o seu ideario, orgaizará conferencias, mítins, campañas de prensa, etc., valiéndose de cantos medios sexan lícitos; empregará a lingua galega nos seus aitos oficiais e aitará sempre d-acordo coas instrucións que reciba do Comité Executivo do Partido Galeguista. Previa autorización d-iste, poderá establecer intelixencias coas Sociedades Agrarias, Sindicatos, etc., sempre que persigan fins semellantes.

Artigo 4.º Poderán ingresar como afiliados todos os galegos e aveciñados na demarcación respectiva que siñen a correspondente ficha comprometéndose a defender integramente a Declaración de Principios e o Programa do Partido e se sometan aos preceptos d-ise Regramento.

A Xunta Executiva do Grupo resolverá en cada xuntanza semanal que celebre as peticións de ingreso que se reciban, dando conta na primeira Xunta xeral que se celebre, pra que resolva con carácter definitivo. Se algunha admisión ofrece reparos, resolverá se sobre da mesma en votación secreta.

Todos os irmáns terán voz e voto nas xuntas xerás; pero os de novo ingreso, non poderán ocupar cargos na Xunta Executiva namentras non pase medio ano do seu ingreso no Grupo.

Asimesmo terán todos plenuidade de dereitos, podendo concurrir aos aitos que o Grupo orgaice e aproveitar cantas ventaxas lle reporte, asegún as normas que en cada determine a Xunta Executiva.

A condición de irmán afiliado perderáse por baixa ou escrusión. A segunda poderá ser acordada pol-a Xunta Executiva, dando conta a xeral na

primeira xuntanza que celebre e será automática cando se deixen de satisfacer as cuotas que en cada caso se acorden ou se deixen de cumprir os principios e disciplina do Partido.

Artigo 5.º O goberno e dirección do GRUPO GALEGUISTA DE..... corresponderá a súa Xuntanza xeral, e, por delegación d-ista, conforme as normas por elas trazadas e asegún os principios, Programa e disciplina do Partido Galeguista, á Xunta Executiva.

Artigo 6.º A xunta xeral estará formada por todos os irmáns afiliados e será soberá para decidir en todas as cuestións, pero respetando sempre os principios e a disciplina do Partido Galeguista.

Celebrará Xuntas ordiarias, sempre en primeira convocatoria, cando menos unha vez cada trimestre, que serán convocadas con tres días de anticipación como mínimum, individualmente ou por medio dos xornás da localidade respectiva.

Tamén celebrará xuntanzas extraordinarias cando o acorde a Xunta Executiva ou o pidan o vinte por cento dos irmáns afiliados.

Os acordos tomaránse por maioría de votos, correspondendo un a cada irmán e observando sempre as normas máis democráticas. Se as discusións se alongasen de maneira impropriedade, o presidente poderá limitar as intervencións de cada irmán a dúas sobre cada asunto.

Artigo 7.º A Xunta Executiva comporáse de un Presidente, un Segretario, un Tesoureiro, un Contador, un Bibliotecario e os vices e vocás que en cada caso determine a Xunta xeral. Serán vocás natos da mesma os presidentes das Xuntas parroquiais e das Seccións dependentes do Grupo. Un dos vocás será corresponsal de A NOSA TERRA, outro, Delegado do Grupo na Mocidade Galeguista.

A xestión d-ista Xunta Executiva ficará suxeita á censura da Xunta xeral. A cada un dos seus membros corresponderán as funcións propias e correntes do cargo respectivo.

Celebrará xuntanzas semanais, en cada unha das cales ficará nomeado o irmán encargado do local e orden do Grupo da semana seguinte.

Artigo 8.º Cando n-unha das parroquias e cuio territorio atingue a xurisdición do Grupo—que será determinado pol-o Comité Executivo do Partido Galeguista, no intre de admisión—cheque a cinco o número de irmáns afiliados, deberán constituirse en Xunta parroquial, encargada de realizar na súa parroquia cantas funcións lle sexan delegadas ou encomendadas en cada caso por aquela. As Xuntas parroquiais desfarán un Delegado e un Segretario. O primeiro será vocal nato da Xunta Executiva do Grupo.

Cando o número de irmáns da parroquia pase de veinte, poderán constituirse en Grupo autónomo, solicitando do Comité Executivo do Partido, por conducto do Grupo respectivo e previo informe d-iste.

Artigo 9.º No seo do GRUPO GALEGUISTA DE... poderán funcionar cantas Seccións se consideren precisas pra maor eficacia e distribución da laboura a realizar.

Tan axiña como o número dos irmáns afiliados o permita, constituiránse, obrigatoriamente, pol-o menos as tres seguintes: 1.º, de Cultura e Arte galegos; 2.º, de Economía, Agraria e Social; e 3.º, de Política e Propaganda. Que funcionará baixo a vixilancia i-estímulo da Xunta executiva.

Cada Sección constará de un Presidente, un Segretario e tres vocás. O

presidente será vocal nato da Xunta executiva do Grupo.

As seicións celebrarán xuntanzas semanais, ás que poderán acudir todos os irmáns do Grupo, que terán voz, máis non voto.

Artigo 10. O domicilio d-iste Grupo adicará en..... (ei qui o local do Grupo, ou unha casa calquera que sirva de domicilio provisional, cando non haxa local).

Artigo 11. Iste Regramento soio poderá ser modificada na parte que non atnga á Declaración de Principios, Programa e disciplina do Partido Galeguista. As modificacións terán de se acordadas en Xunta xeral convocada expresamente con tal fin e precisarán o voto favorable da maioría absoluta dos irmáns.

Artigo 12. O Grupo non poderá disolverse mentras conte con 10 irmáns afiliados e sementes poderá ser acordado no seu caso pol-as dúas terceiras partes dos que o compoñen.

NA ESTRADA

Un mitin do Frente Popular

Celebrouse o día 19 na Estrada un gran mitin orgaizado pol-o Frente Popular local. Tivo lugar no Mercado e a pesares do mal tempo, non parou de chover en todo o día, concurriron úns dous milleiros de persoas de moitas parroquias do distrito.

No acto faláron Germán Adrio, pol-os socialistas; Luque, por Izquierda Republicana; Adrio Barreiro, por Unión Republicana e Victor Casas, pol-o partido galeguista.

O irmán Casas falou do triunfo electoral do 16 de Febreiro e da necesidade de manter os Frontes populares para co mesmo entusiasmo e unión acadar un novo triunfo nas eleccións municipais. Fixo un chamamento á cordialidade e unión dos partidos que actúan na Estrada para a formación de unha candidatura que venza definitivamente ao caciquismo estradense.

Fala do caciquismo galego e a maneira de combatalo e derrotalo para que non siga imperando n-unha auténtica República como a actual. Refírese ao programa do Frente Popular e a actuación do Goberno e do Parlamento decindo que ten confianza na súa laboura renovadora e anticaciquil.

Refírese á necesidade de que Galicia conquira agora a súa autonomía facendo a este respecto unha vibrante chamada aos partidos do Frente, ao Goberno e ao pobo que non debe consentir que se malogre para Galicia o intre actual. Razona a necesidade do Estatuto e manifesta a súa confianza en que será plebiscitado con éxito. Encol do plebiscito di como haberá de se facer e a maneira de intervir n-él o electorado galego.

Foi calurosamente apraudido en varios párrafos e ao remate do seu discurso.

Ao final deuse lectura as conclusións presentadas pol-os partidos e por algunhas sociedades agrarias. En todas elas se pide a consecución da autonomía. Fíxose a seguido unha gran manifestación que se dirixiu ao Concello a entregar as conclusións aprobadas.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA

MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

Actividades dos nosos Grupos

Sada

O 17, reuniuse o Comité Executivo do Grupo, informando n-él o Conselleiro, irmán Picallo (Xohán) sobor da xuntanza do Consello do Partido feito o día 8 en Compostela. Adicouselle un sentido recordo ao chorado irmán Vilar Ponte, e tratáronse tamén outros asuntos de grande importancia relacionados coa vida local e ás próximas eleccións municipais nas que o Grupo a través do Frente Popular, do que vén sendo a i-alma mater na comarca, xogará un importante papel, pol-a súa forza, orgaización mañífica, e tamén a personalidade de moitos dos seus compoñentes que cada vegada é máis acusada en valor cívico.

Bergondo

Iste Grupo fixo xuntanza xeral o 16, pra ouvir o informe do Conselleiro da zona e discutir unhas pequenas diferencias que xurdiran entre algúns afiliados por un asunto local. Adicouselle un emocionado recordo ao Mestre Vilar Ponte, decindo unhas verbas sobor da súa laboura o irmán Conselleiro. Logo informou iste longamente da situación do Partido no orde económico e político. Acordándose abrir unha suscripción para axudar a pagar ás deudas do mesmo, facendo todos presente a súa conformidade co xeito con que actuara o Comité Executivo no actual intre da Terra e da República. Discutíronse as diferencias, que aínda que pequenas terían tomado un estado feo, sendo acrarado todo coa intervención de varios irmáns que o fixeron con un civismo exemplar rematándose o incidente con aprausos e ofertas comovedoras. Adoitáronse acordos para actuar nas xornadas que se aveciñan, facendo sempre d-acordo coas orgaizacións afíns e que non estean influenciadas por vellos procedementos que andamos a desterrar da nosa Terra.

Como síntoma do que é iste Grupo, o cronista recolle o dato seguinte: O 95 por 100 dos afiliados son traballadores manuais e o mesmo porcentaxe anda de loito pol-o irmán Vilar Ponte. Para algúns cecáis non diga ren, para nós di moito máis que varios discursos ou promesas de sentimentos galeguistas.

Frente Popular de Sada

Reorganizouse o Frente Popular nomeándose un Comité Executivo para que actúen intensamente nas xornadas cívicas que se aveciñan, ratificándolle a confianza ao irmán Picallo (Xohán), que preside iste Comité en calidade de Segretario Xeral, dende a súa constitución.

Oleiros

O día 8 reuníronse en Dorneda (Oleiros), todas as institucións d-iste Consello para adoitir acordos de fonda importancia, Invitaron ao noso Conselleiro de Sada para que asistise en calidade de orgaizador e representante do Frente Popular de Sada.

Por ter que asistir iste día a xuntanza

Traballos de Encuadernación

Facer os encárragos na Imprenta LA POPULAR.—Charino, 7

za Consello en Sant-Iago substituíno o irmán Xil González, Segretario do Grupo de Sada, que lles expuxo ás normas a seguir para unificar a laboura de todos os orgaizacións co fin de que rindan máis eficacia. Quedóuse en facer outra xuntanza para facer unha comarca que comprendería Oleiros - Sada - Bergondo, para traballar xuntos estes Concellos nos que lles afeitan individualmente ou colectivamente.

Grupo de Lugo

O Grupo de Lugo sigue adicándose a laboura de orgaizar novos comités n-aquelas Terras.

N-esta semana serán presentados no Gobernador Civil os Reglamentos dos novos Grupos de Chantada, Navia de Suarna, Monterroso, Villalba e Nadela.

O domingo pasado celebrouse un mitin en Cendoy, no que tomou parte o irmán Fole. Acudiu moita xente que aplaudiu con entusiasmo aos oradores.

Como resultado d-este mitin formouse un novo Grupo en Cendoy.

Grupo de Lama (Láncara)

Iste Grupo celebrou xuntanza xeral fai uns días aa que foi eleixida a nova xunta Directiva que ficou formada así: Presidente, Xohán Piñeiro Castro. Vicepresidente, Salvador Piñeiro López.

Segretario, Manoel Balboa García. Vicesegretario, Manoel González Fernández.

Tesoureiro, Manoel Balboa Grandas.

Vocal 1.º, Xosé Piñeiro Rivera.

Vocal 2.º, Salvador González Díaz.

Vocal 3.º, Francisco Fernández Valcárcel.

Grupo de Ferrol

En xuntanza celebrada pol-o Grupo eleixiu a seguinte xunta directiva: Presidente: Ricardo Carballo Calero.

Vice: Horacio Fernández.

Segretario Xeral: Alvaro Vizoso.

Idem de actas: Luis Cereixo.

Contador: Manuel M. Monteagudo.

Tesoureiro: Fiz Alvarez do Castelo.

Suprente: Ernesto Ráfales.

Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado

FLETAMENTOS,

CONSIGNAÇÕES,

TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO

APARTAMENTO NÚM. 3

COLEXIO LEON XIII

VILAGARCIA

IMPERMEABILIZANTES

VATERSTOP

UNICO EPICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

Redacción - Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
SUSCRIPCIÓN: 4 pesetas semestres. Pago adelantado.
Número solto: 15 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XX

Galicia, 27 de Marzal do 1936

Núm. 407

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

CULTURA E AVANCE SOCIAL

ESCOLA DE REXIONALISMO

Na actualidade, nótase un descuido e defectuoso funcionamento e até falla absoluta, de organismos e institucións populares que provoquen a plena manifestación dos valores culturais e rexionalistas de Galicia. Non hai dúbida de que estes valores existen: máis adormentados ou ocultos, sen medios para se manifestar. Algúns até descoñécense. E acó en Galicia temos o gran defecto de esquecer o propio para fortalecer i-elevar o alleo. O mal noso radica en non querer amosstrar as nosas capacidades e os nosos valores polo prexuício señoriteiro castelán. Falla escola: pro escola de rexionalismo.

A idea da Patria, entendida e apricada non ao conxunto étnico, senón ao Estado dominante, retrae isas manifestacións da propia cultura. Temen os valores perder popularidade e fama, adaptándose ao sentir rexionalista. E ao manifestárese de tal xeito, non apoiando o sentir rexionalista, colocándose ao rente do señoritismo castelán, emprobecen a súa propia cultura rexional, porque eles sofren as consecuencias tamén, de que Galicia sexa esquecida coma unidade cultural. Non comprenden que a pública manifestación no sentir rexionalista, engrandéceos, i-engrandece a colectividade galega.

O prexuício do «idioma único» failles adoptar esa posición de agachamento. Máis non se decatan de que a ningures vaise de tal xeito. Desprezar ou desbotar o noso idioma, os nosos costumes, e a propia personalidade de Galicia pol-

o considerar inútil ou por coidalo un atraso, é empequeñecerse, decrararse impotente para situárese a outura dos outros pobos. Usar o noso idioma é saber manter e revivir constantemente a propia filosofía, a propia psicoloxía e a propia personalidade sempre engrandecida, sin inxerencias perxudiciaes nen mescolanzas que sementan a confusión.

Máis para conquistar esta educación rexionalista, é mester a creación de centros culturais para difundir e propagar o rexionalismo ante o propio pobo, que anque ás veces é galeguista, se lle convén, non emprega nin o seu propio idioma. Hai que facer chegar a literatura rexionalista ás grandes masas populares, en especial aos labregos. Hai que educar ao pobo na escola do rexionalismo tratando de descubrir novos valores e novas capacidades para que estes se renoven constantemente, estimulando, provocando a plena manifestación da cultura rexionalista de todos. Hai que ir a esa creación de institucións e organismos rexionalistas. E que ises organismos traballen. Sen deitárense nos loureiros dos alleos ou dos propios valores rexionales e rexionalistas, sin matar a iniciativa dos demais, senón recollendo total-as opinións, todolos consellos, axudando, fortalecendo, estimulando i-enaltecendo o espírito e o amor ao traballo encol dos problemas, das custións, dos estudos e da vida da nosa Terra.

FAUSTO BRAND

A Cruña, Marzal do 1936.

ESTETÓSCOPO

Houbo duas clases de heterodoxia en Galicia: a republicana e a monárquica.

A republicana foi a de mouros e xudeus: a de un Pita Romero e un Iglesias Corral.

A monárquica, ou de variedades, foi aquela das seitas, máis ou menos semellantes, do caciquismo upetista.

Istas foron as dúas modalidades heréticas que preocuparon á Galicia sacrificada de sempre: a do infidel democrata. E a acochada en relapsismos de vello estilo. Ou sexa, caciquismo egrexio montado en denominador común.

Os caciques—ao ollar, perdida a súa partida na monarquía liberal—decidíronse pol-as conversións á Dictadura: Primeira crás de heterodoxia. Os caciques, derrrocado o réximen dictatorial, pasáronse ás filas da República. O cacique continuou sendo máis cacique baixo o hábito republicán e traicionou, como tiña que ser, ao novo Réxime: Segunda crás de heterodoxia. Como se olla, anacos froitosos dun mesmo fio conductor.

Así naceron á vida pública os torpes fracasos dos primeiros anos da República en Galicia. Priuaban nila oligarquías d-unha prolífica órbita de sucias morales. Mais o arrolador e máxico disa privanza, é o constatar paso a paso, documento a documento, retrato a retrato, data a data, que os caciques comportaban en si, a calidade máis imprescindible: a facultade profética, oracular: a providencia do destiño. Calculaban os sucesos políticos con esaititude de astrónomo o tránsito dun astro.

Pols dista institución do caciquismo, servíronse nos primeiros tempos, os republicáns. I-ela foi a que prostituíu ao Réxime. Os mouros e xudeus: Pita Romero, Iglesias Corral, nada perdían, ganaban todo, a súa definición era asin. Os outros, os de variedades: Calva Sotelo, os xilroblistas, conquistaban, co illa un gran fermento de reación. O cacique—por fatalidade egrexia do seu sino—non podla renunciar a formar un estado seu dentro do Réxime en que se hospitaba. I-eiqui o temos outra vegada danzando á beira da situación. Leixáranse conmo-ver de novo os outavoces da República na nosa Terra? Que se adoitén as medidas precisas, a etapa que naz tén de ser de realidás i-espranzas. E a primeira delas ha de radicar na definitiva morte do caciquismo (heterodoxos d-unha e outra arela) en Galicia.

SOLOVIO.



Charamuscas

Cando esto escribimos non sabemos aínda a sorte que correrán no Congreso as actas das minorías de Pontevedra. Decimos das minorías porque as da maioría non teñen dúbida algunha.

Porén: coidamos que serán aprobados e o señor Portela será deputado. Como Barros de Lis e o outro Lis. Dous apellidos como para facer un escudo borbónico.

Os tres terán razóns d-abondo para xustificar a validez das súas actas. Pero si non as tiveran abondaría unha de unha forza indestructible.

A de que o impuñador é Emiliano Iglesias. Ante este argumento a Comisión de actas e o Congreso teñen que se inclinar sin remedio.

Xa debutou no terceiro Parlamento da República o ex-jabalí Pérez Madrigal. Foi un éisito complotado. De xente e de taquilla.

No sucesivo as súas intervencións—si as houbera—terán de ser tendo moi presente o debut. O precedente sentado non o esquecerá ningún e a repetición sería matemática.

Pérez Madrigal foi o encarregado de facer saber de unha maneira contundente aos seus amigos políticos a gran diferenza que hai entre este Parlamento e os anteriores.

Ainda hai certa xente que non quiere conceder aos galegos a categoría que lles compre en total-as cousas. Esquecen que Colón foi galego; que a política hespañola estivo dirixida por galegos; que casi non houbo un Goberno en Hespaña que non tivera galegos; que Pita Romero é galego; que as derradeiras eleccións que deron o trunfo ao Frente Popular foron feitas por un galego, etc., etc. Non chegarían as páxinas do semanario para expresar as condicións que reúnen os nados no noso país.

Pero agora novamente Galicia acadou para si unha nova gloria. Foron dous galegos os dous primeiros que

interviron de maneira destacada n-este Parlamento.

O señor Osorio Tafall e o señor Carranza. Actores do sucedido o día que se reuniu a Cámara.

Si non foran galegos ¿resultaría a cousa tan ben como resultou? Eu teño as miñas dúbidas.

Ademais de moitos «persoaxes» políticos do bienio radical cedista quedáronse sin acta nada menos que catro dos cinco xefes do chamado «bloque». Lerroux, Martínez de Velasco, Cambó e Melquiades. O outro xefe, o máis xefe de todos porque os dirixía e ademais tiña a célebre triple xefatura, salvouse n-unha táboa. Si non se anulan as actas de Salamanca...

A verdade é que a desfeita non poido ser maior. Unha verdadeira hecatombe. ¿De que material estaría feito o tal «bloque»?

¡A ver si para de chover! Porque esto xa pasa da marca. Cinco meses seguidos caendo auga xa é demasiado...

Como agora está outra vegada de moda botar a culpa de todo o que sucede en calquer orde—aos republicáns ou aos marxistas, poida que non falle quen pense que esto da choiva é un castigo polo rumbo que tomou a política. Estamos por asegurar que Azaña non se escapa sin responsabilidade.

E non é así. Compre sermos xustos. En Galicia non parou de chover desde o célebre mitin de Xil Robles en Santiago.

Si algún político ten culpa o señor Xil Robles non está exento d-ela. Si esto é reconhecido xa non fai falla máis que unha cousa.

Que Azaña e Xil Robles se poñan d-acordo—anque non sexa máis que n-esta ocasión—e poñan en xogo a súa influencia para que deixe de chover d-esta maneira inxusta, desproporcionada e perxudicial.

AMARO DE VILAMELLE.

Decátense os partidos da responsabilidade que lles compre. Espurguen as súas ringleiras de caciques vellos e de caciques novos. E un consello que terán de agradecer.

A Pondal

Préstame tí un intre a túa lira,
Deixa que cante en ese día un hino,
Pon nos meus beizos, algunhas d-esas verbas
Que tí cantabas co teu cantar divino;
Fai que resoe nos versos, este ardente
Amor a terra, que foi co teu espírito,
Que vibre en eles, en alabanza túa,
Un respetoso recordo, un agarimo.

Pondal sublime, escollido de Apolo,
Acharon eco nas i-almas os teus cantos.
¿Non vé do Ceo o teu espírito, como
Vai nosa Terra, Galicia, despertando?
Prégalle a Deus, que d-ÉL estás mais preto
que chegue axiña o intre tan ansiado,
Dille qu-o pobo por él ÉL tan preferido
Quere ser ceibe e non asoballado...

X. FORMOSO

Muros, Marzal do 1936.

As eleccións do 16 de Febreiro non as ganou ningún partido.

Ganámolos todos e sobre todo ganóunas unha arela de cumprir un programa que cree unha nova política.

En Hespaña i-en Galicia.